

Primeiro texto publicado no suplemento *Nordesía* do Diario de Ferrol, o día 11 de abril de 2004.-

## **Calidoscopio**

*Para Alfredo e Chichola.*

Collín o calidoscopio que levaba varios meses pousado enriba da mesa do estudio e achegueino ao ollo para deleitar a pupila coa ensoñadora imaxe das diminutas pedriñas de cristal inventando as súas combinacións tan variadas. Primeiro foron estrelliñas moradas que acabaron transformándose en pequenos luceiros amarelos e verdes, e logo en fulgurantes astros pletóricos de luminosidade... e así unha vez e outra máis, nunha interminable serie de metamorfoses que non eran outra cousa que un espellismo que provocaban os cristais, deitándose uns encol dos outros cada vez que os meus dedos facían que o calidoscopio xirara.

Foi entón cando alcancei a ver a cidade toda, logo de ter andado moito tempo a procurala. Non estaba almacenada coma un obxecto inservible na maleta do esquecemento, nin tampouco oculta no baúl da desidia, nin abandonada no caixón da desesperanza. Non. Velaí a tiña, deitada enteira perante min, tan viva e tan real coma todas aquelas contas de vidro que non deixaban de moverse inventando formas imposibles mentres se amoreaban coma as pingas solidificadas dunha colorista catarata xeadada.

Fun vendo aparecer na lonxanía os esqueletes de vellos edificios arruinados, expostos coma restos de antigos dinosaurios nas salas máis esquecidas do museo da vergoña. Os cristaliños do calidoscopio puxéronse a pintar as cores amarelas e vermellas das lapas dun lume que devoraba implacable os camerinos e as bamabalinas do antigo

Teatro Rena. Puiden entón sentir con craridade os berros do seu cadáver entristecido e fosilizado ¿Acaso non hai ninguén poida escoitar os seus laios?.

Entre as cinzas e a borralla do desastre pareceume albiscar unha copia medio queimada daquel *Mal de moitos* de Uxío Charlón Arias e Manuel Sánchez Hermida “*estreado con ruidento aprauso n-o teatro “Jofre” d’o Ferrol, a noite d’o 29 de Mayo d’o 1915*”. Non puiden evitar que pola miña fazula escorregara unha furtiva bágoa: A cidade acabou quedándose sen cómicos ao non ter un escenario onde poderen montar os seus espectáculos. A tristura apoderouse das rúas axadrezadas do vello barrio da Magdalena, enfermo dun cancro atroz que fai que se lle caian as casas, e logo correu extendendo os carcinomas, intentando chegar coas súas células malignas a todos os barrios da cidade, reconvertida e volta a reconverter, unha vez, e outra, e outra máis, tantas que as xeracións máis novas xa nada deben de saber do seu ilustre pasado de estaleiros grandiosos e modernos nin dos seus máis insignes mareantes.

Perdidos os espacios para que as compañías de cómicos amosaran o espellismo dos seus espectáculos, a cidade convertíuse nunha illa deserta que viaxa á deriva condenada inmerecidamente a unha tristura da que compre sacala. Escribira Mario Couceiro, cronista da cidade, nun poema: “*Vagabundas a veces, las islas se desplazan hacia tierra, habitando la niebla desflecada (...) dejando en la acera un rastro de ceniza (...) y su remoto olor a olvido nos sorprende en la vencida espalda de un hombre que se aleja*”

É moi probable que nalgún momento inesperado e sorprendente apareza polo horizonte un feliz titiriteiro turrando polo peso dunha enorme maleta que sempre arrastra, e virá disposto a montar o seu número de ilusionismo no centro mesmo dunha Praza. E as xentes todas correrán a velo para poder sentirse refrexadas nos seus impresionantes números de maxia.

¡Que ningún se mova, que ningún fale nin respire, que o titiriteiro vai dar comezo ao seu espectáculo! O ilusionista ergue pouquiño a pouco, con calculada parsimonia, a tapa da misteriosa maleta que trouxo a rastras, e ante un público abraiado fará que vaian saíndo moi amodo ringleiras infindas de capuchóns locindo con fachenda as capas de veludo dos seus hábitos a pesares de non ter chegado a semana santa, para facelos camiñar cerimoniosos e silandeiros ao son da lenta música duns tambores que serán diapasóns marcando o ritmo dos seus pasos. Levará cada confraría no pendón o nome dunha das empresas que na historia da cidade foron pechando. ¡Ai do pobre tecido industrial, maltreito e castigado!

O público estoupará en aplausos e será entón cando o ilusionista vai facer aparecer o vello elefante de ferro da Praza de Sevilla pacendo feliz entre as árbores arrincadas da Praza de Armas. ¡Vexan, miñas donas e meus cabaleiros, cómo dende a proa mesma do *Urquiola*, o *Titanic* dos petroleiros, a mesmísima Concepción Arenal saúda ao respectable mentres chusca un ollo de complicidade a Pablo Iglesias, a Gonzalo Torrente, a Carvalho Calero e ao mesmísimo Canalejas! Nunca tantos ilustres persoeiros deran saído do interior dunha maleta!

O público emocionado baterá con forza as mans ata que a cidade sinta o estrondo do aplauso incesante e interminable. Será entón cando por debaixo das lousas máis antigas, tantas veces pisoteadas, unhas veces polo simple pracer do paseo, outras pola manifestación de protesta pola última empresa recién pechada, volverá correr o sangue da circulación acelerada. Porque a cidade está viva, tan viva coma cada un dos homes e as mulleres que abren os ollos pola mañá cediño para asistiren ao traballo, tan viva coma cada neno e cada nena que camiña cara a escola con rapidez no paso, tan viva coma cada persoa que se ergue da cama sen outra perspectiva que ir facer cola nas oficinas de emprego. ¡Ai da cidade tantas veces reconvertida en almacén de parados!

Rematará entón o espectáculo e o titiriteiro quitará da cabeza o seu chapeu para pasalo entre o público por se alguén quere botarlle cartos, mais moi probablemente a multitude comezará a espaxarse ollando con disimulo cara outro lado. Recollerá entón o ilusionista as cousas todas para gardalas no interior da maleta e levar a outro lugar o seu espectáculo. A luz do sol irá esmorecendo e en todas as vilas da ría comezarán a acenderse as luceciñas das casas.

Xa non necesito de ningún calidoscopio para poder observar formas cambiantes, porque as luces da cidade toda comezan a refrexarse no mar estirándose na auga coma árbores que apertaran a terra coa forza das súas raigames.

As xentes durmen na tranquilidade dos seus fogares. Pola mañá cediño as alarmas dos espertadores van derramarlles o descanso. É moi probable que cando todos abandonen o leito fagan exactamente iso que a cidade leva moito tempo agardando facer: poñerse en pé e espreguizarse.

© Xesús Constela Doce. 2004